



## Concello de Boiro

Sras/Sres CONCELLEIRAS/OS

EXPEDIENTE PLN/2020/02

### NOTIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DE SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

Por medio desta comunicación notifícolle que o Sr. alcalde ditou no día de hoxe a resolución núm. 139/2020 que ten o seguinte contido:

“LOGO DE VER os procedementos concluídos a disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2.A) do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

Visto que a realización das sesións plenarias ordinarias está fixada para o segundo xoves de cada mes, segundo o acordo adoptado a este respecto polo Pleno da Corporación na sesión do 12/07/2019.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o **XOVES 13 de FEBREIRO de 2019**, ás 20:00 horas a 1ª convocatoria (a 2ª convocatoria á mesma hora dous días hábiles despois), no salón de plenos da Casa do Concello coa seguinte ORDE DO DÍA:

#### A) Parte resolutiva

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria ordinaria do 18/12/2019.
- 2.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria ordinaria do 16/01/2020.
- 3.- Aprobación da proposta de convenio de colaboración entre o Concello de Boiro e a Secretaría de Estado de Hacienda (Dirección General del Catastro) de colaboración en materia de xestión catastral (expediente 577/2020).
- 4.- Moción presentada polo grupo municipal do BNG o 09/01/2020 (NRE 283) para a aprobación dunha ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións.
- 5.- Moción presentada polo grupo municipal do BNG o 20/01/2020 (NRE 629) en relación coa mellora da sanidade pública.
- 6.- Moción presentada polo grupo municipal de CIUDADANOS/MIXTO o 23/01/2020 (NRE 794) relativa á implantación dun ciclo de formación profesional da rama de hostalaría en Boiro e de adaptación no IES de Espiñeira das ramas da formación profesional ó tecido empresarial comarcal.
- 7.- Moción presentada polo grupo municipal do BNG o 31/01/2020 (NRE 1102) en relación coa

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 6W4ZZSL4Y2AGQH3HZPZGATP | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello de Boiro

---

conservación das instalacións de “skatepark” situadas na praza da Boqueira de A Negral.

8.- Moción presentada polo grupo municipal de BOIRO NOVO/MIXTO o 04/02/2020 (NRE 1195) para dotar do persoal necesario para a prestación duns servizos sociais de calidade no noso concello.

9.- Moción presentada polo grupo municipal de BOIRO NOVO/MIXTO o 04/02/2020 (NRE 1196) para o establecemento dunha taxa ós caixeiros automáticos dos bancos que ocupen a vía pública.

B) Actividade de control.

B.1.- Toma de coñecemento de resolucións da Alcaldía.

B.2.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola intervención municipal así como das principais anomalías en materia de ingresos, do 4º trimestre do 2019. (Expdte: 3845/2018).

B.3.- Toma de coñecemento do informe de intervención sobre o cumprimento da obriga de subministración da información derivada da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e substentabilidade financeira, do 4º trimestre 2019. (Expdte: 3845/2018).

B.4.- Toma de coñecemento do informe da tesourería municipal sobre o cumprimento da obriga de información trimestral relativa ó período medio de pago a provedores e o cumprimento dos prazos de pago establecidos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, referido ó 4º trimestre de 2019. (Expdte: 3845/2018).

C) Mocións de urxencia.

D) Rogos e preguntas.

SEGUNDO. Que se lle notifique esta resolución ós membros da corporación e se publique anuncio desta resolución no taboleiro de edictos en papel e telemático deste concello.

TERCEIRO. Desta resolución daráselle conta ó Pleno da Corporación na vindeira sesión que este órgano realice.”

A partir deste momento tén á súa disposición os antecedentes dos asuntos da orde do día na Secretaría xeral do concello.

Boiro, na data que consta na marxe deste documento.  
Severino Abalo Chouza (secretario accidental).

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 6W4ZZSL4Y2AGQGH3HZPZGATP | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2